



## JOAQUÍN RANZ, PRESIDENTE DE ANEMBE



## "O maior desafío dos veterinarios nas granxas é seguir sendo útiles"

O veterinario Joaquín Ranz (Madrid, 1964) é o presidente da Asociación Nacional de Especialistas en Medicina Bovina de España (Anembe) dende 2016. Reunímonos con el para falar do labor do veterinario no campo, dos novos retos que están a afrontar os distintos actores do sector e das últimas novidades sobre o próximo Congreso Anembe, que este ano se celebrará en Vigo entre os días 6 e 8 de xuño.

### A que desafíos se confrontan os veterinarios de campo nas explotacións de vacún de leite de hoxe en día?

Creo que o maior desafío dos veterinarios nas granxas é seguir sendo útiles. Ás veces hai que reinventarse, porque as circunstancias van cambiando co tempo e é fundamental que os gandeiros sigan atopando no veterinario a alguén que lles dá servizo e que lles pode solucionar un problema, asesoralos etc.

### Como evolucionou o papel dos veterinarios de campo nos últimos anos?

O cambio no número e na dignificación das explotacións é o que evolucionou no noso traballo. Hoxe en día, os veterinarios que se dedican ao mundo de

► "SEMPRE DIXEN QUE PREFIRO GANDEIROS ESIXENTES A GANDEIROS FÁCILES"

vacún están moi especializados: tanto poden facer as clásicas actuacións nos ámbitos clínico e cirúrxico como tarefas máis específicas –de alimentación ou de calidade de leite–, e non soamente estamos a falar de vacas de leite, senón que tamén dan un servizo importante para toda a produción de carne, tanto en extensivo como en cebo. Este amplo abanico de posibilidades é o que inflúe nesa especialización.

#### **Que papel tiveron os gandeiros nesta evolución?**

O papel foi decisivo. Eu, que na miña práctica habitual son veterinario de campo e clínico, sempre dixeran que prefiro gandeiros esixentes a gandeiros fáciles. Realmente, o gandeiro que se preocupa por crecer, por producir mellor... é o que che esixe estar ao día, coñecer os problemas e as tecnoloxías e isto, loxicamente, é importantísimo. Os gandeiros nese sentido marcaron a pauta.

#### **Nos últimos tempos fálase moito dun elevado consumo de antibióticos en gandería. Ten o vacún de leite un problema con este consumo?**

Recentemente Anembe, como asociación, tivo un encontro coa Axencia Española do Medicamento. Fixeron unha reunión para informarnos sobre cal era a súa vontade, que plans

de actuación realizar e, coa análise de datos que tiñan, informáronnos de que o vacún non tiña en realidade un problema co uso masivo de antibióticos, senón un problema máis cualitativo que cuantitativo con certos antibióticos dos que se debería facer un uso máis restritivo.

#### **Entón, cales son os principais grupos de antibióticos nos que se debe poñer o foco no vacún de leite?**

Os antibióticos están agrupados en diferentes categorías –macrólidos, aminoglucósidos, betalactámicos...–. Actualmente, a Axencia Española do Medicamento agrupounos en categorías 1 e 2 e é a categoría 2 a que debe ter un uso máis restrinxido. A que é debido? Pois a que eses antibióticos son os que se utilizan en medicamento humano para tratar certas patoloxías específicas cando non existen moitas máis alternativas ou porque esas patoloxías teñen unha etioloxía común. Nese grupo 2 inclúense, por exemplo, antibióticos que son bastante usados, como as quinolonas, as cefaloespórinas ou as fluorquinolonas.

#### **Que labor desempeña o veterinario de campo no novo escenario dun uso responsable de antibióticos?**

Creo que é moi importante por parte do veterinario, ademais de controlar a prescrición, a mellora no manexo. Cambiar, por exemplo, as instalacións ou o manexo supón esforzos económicos e de actuación importantes por parte do gandeiro, pero trátase de estratexias que a longo prazo pode usar o veterinario para controlar o uso de antibióticos, ademais da prevención e de todo o que temos á nosa disposición no día a día. Penso que o labor do veterinario ten que ir enfocado

cara aí e non só cara á restrición da prescrición.

#### **Que inconvenientes atopa o veterinario para adaptarse a este novo escenario?**

Realmente o problema, dende o meu punto de vista, é que a prescrición vén regulada pola Lei do Medicamento e, quizais, no momento en que se elaborou esa lei non se pensou demasiado no veterinario de campo e no veterinario de vacún de grandes explotacións. Isto provoca ás veces situacións difíciles, as cales se están tentando mellorar para que o veterinario poida ter control desa prescrición, porque a verdade é que actualmente hai ocasións nas que se nos escapa un pouquiño.

#### **A que situacións se refire?**

A casos de explotacións grandes nos que o veterinario ten que facer moitísimas receitas repetitivas e cos mesmos tratamentos que xa ten asignados para procedementos de secado, vacinais, en xatos... Isto provoca dificultades que non sei se nalgún momento se poderán liquidar do todo.

#### **Que se persegue co uso racional dos antibióticos?**

Precisamente nesa recente reunión que tivemos coa Axencia Nacional do Medicamento transmitímoslles a idea de que non nos gusta o termo “redución do uso de antibiótico”, xa que nos produtos do vacún –o leite e a carne– xa non hai antibiótico cando chegan ao consumo. O leite non contén antibióticos porque se respectan os períodos de supresión, e igualmente ocorre na carne, aínda que si que é verdade que o seu uso, aínda respectando estes períodos, podería xerar resistencias. ►►

**AgroBank**

**Asesoramento  
e servizo para  
o sector agrario**



► "DENDE ANEMBE O QUE IMOS INTENTAR É FORMAR OS NÓSOS SOCIOS SOBRE O PROBLEMA SANITARIO QUE SUPOÑEN AS RESISTENCIAS"

### Cal sería entón o termo máis axeitado?

A nós gústanos máis o termo "uso prudente" e o que se persegue con esta medida é evitar as resistencias que aparecen finalmente nos hospitais de humanos. Parece ser que os colegas médicos están a atoparse con dificultades ante certas patoloxías e individuos á hora de dar co tratamento axeitado contra eses microorganismos que aparecen nos casos clínicos. Isto é o que hai que evitar dende o punto de vista veterinario, xa que tamén somos responsables da sanidade humana e da global.

### De que ferramentas dispoñen os técnicos para que lles axuden a cambiar as pautas de uso de antibiótico nas granxas?

Do manexo, da prevención, da vacinación... pero, sobre todo, eu creo que o que máis imos necesitar é da divulgación e a formación, tanto para os propios veterinarios como para os gandeiros, e mesmo para o consumidor, xa que saber do que estamos a falar todos é importante. Moitas veces, isto da resistencia aos antibióticos xera moita confusión, parece que as que se fan resistentes son as persoas ou os propios antibióticos, cando, realmente, os que se fan resistentes ao seu uso son os propios microorganismos. Isto hai que explicalo, que a xente saiba de que se trata e coñecer un pouco máis tamén eses mecanismos de resistencia.

### Cada vez saen ao mercado máis estratexias baseadas en involucrar o sistema inmunitario para previr e erradicar as diferentes enfermidades. É este o camiño ou só unha ferramenta máis?

Creo que é só unha ferramenta máis. Todo o que falamos nesta entrevista é importante: a formación, a divulgación,

a prevención, o manexo... Todo ten que ir en conxunto. Estes produtos pódennos axudar moito, son importantes, pero non son a única ferramenta.

### Que pasos se van dar dende Anembe para axudar os veterinarios neste cambio importante no seu traballo?

Nesa primeira reunión coa Axencia Española do Medicamento, a pesar de que en Anembe nos sentimos orgullosos de que contasen connosco como interlocutores, vimos que os compromisos neste momento non son fortes. Non se tomaron grandes decisións, a diferenza do que pasou noutros sectores, como son a avicultura ou a cunicultura, nos cales, quizais, implementar calquera tipo de medida restritiva é máis fácil porque se trata de producións máis integradas. A produción de vacún está moi dispersa e calquera medida que se tome ten que ser moi consensuada e, ademais, como dicía antes, neste sector non hai un problema de uso masivo, senón máis ben dun uso crítico de certos antibióticos. Xa veremos se nun futuro veñen máis esixencias por parte de Europa...

### Que obxectivos se marca Anembe neste sentido?

Dende Anembe o que imos intentar é formar os nosos socios sobre o problema sanitario que supoñen as resistencias. É importante que todo o mundo teña claro que son, que categorías de antibióticos hai e por que os de categoría 2 deben ser usados soamente en situacións onde os de categoría 1 non son válidos. Supoño que nos próximos anos teremos que facer moitas máis cousas relacionadas con isto, porque será un tema de actualidade pero, polo de agora, hai que camiñar coa marcha axeitada e, nese sentido, estamos a levar o ritmo que nos esixe a Administración.

### Fálenos un pouco do enfoque do próximo congreso. En que temáticas se vai centrar?

No congreso de Vigo imos buscar novamente todos os temas de actualidade e seguiremos esforzándonos para que o socio atope sempre algo interesante polo que asistir. Imos traballar, como novidade, en conferencias moito máis dinámicas, máis curtas, de media hora, o cal nos permitirá contar con algúns relatores máis, aínda que buscando sempre a máxima categoría. Tamén imos tentar, se nolo permiten os relatores, que falen nun estilo conferencia-resposta, xa que creo que sempre é máis interesante esta abordaxe, dándolle resposta a dúbidas que nos atopamos no campo día a día. Ademais, se eles queren, haberá cabida para conferencias interactivas, nas cales se xeren diferentes preguntas que o auditorio responda.

### Este ano van integrar os simposios de empresa dentro do congreso. Non é certo?

Si. Ás veces, as empresas queixábanse de que os simposios estaban un pouquiño fóra do congreso e, como temos a sensación de que estas compañías se preocupan polos temas de actualidade e poden ser capaces tamén de traer ao noso congreso relatores interesantes, ímoslles dar un espazo en *prime time*, despois das comidas, para todas as que queiran facer simposios.

### Variaron tamén os días. A que se debe?

Tiñamos a sensación de que os venres pola tarde había unha diáspora xeralizada de congresistas, de empresas, os *stands* desmontábanse... polo que decidimos rematar o venres ao mediodía pero, para non quedarnos con menos espazo, imos empezar o mércores, tamén ao mediodía. Isto fará que os seminarios este ano queden penalizados, así que estamos a pensar en realízalos noutro momento, despois do verán, cos diferentes socios e entidades que queiran organizalos e nun sitio que teña a capacidade para facelo, se cadra con animais en vivo, salas... Como ves, o que estamos tentando facer sempre é buscar novidades que ao socio lle agra-den o máximo posible. ■